

Acta núm. 01/2020.
Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local
do 02 de xaneiro de 2020.

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Pablo Lago Sanmartín.
Carlos Noya Pereira.
María Rosa Romero Fariña.
Sandy Marie Cebral Gómez.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 02 de xaneiro de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretaria Ana Sánchez Fontáns, secretaria accidental do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 33/2019, DO 23.12.2019.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 33/2019, DO 23.12.2019.

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 23.12.2019, acta núm. 33/2019.

2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN CARLOS VILLAR SIERRA na que comunica que vai construír un peche nunha parcela sita no lugar de Bastavaliños, o peche de aproximadamente 157 metros lineais e que non vai lindar coa vía pública, farase con postes e arames, ata unha altura máxima de 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo e no linde sur, situarase a 30m do rego do Creo.

A parcela (15013B503005200000MU) onde se pretenden executar as obra atópase sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións:

- 410 m² aproximadamente sobre solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM (NRL-1), e dentro da aldea de Bastavaliños, integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM identificada como XBE1, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

- 1.419 m² aproximadamente situados en solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría, en aplicación do disposto ó respecto pola súa disposición transitoria primeira letra 2.d).

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización da Consellería de infraestrutura e mobilidade, Augas de Galicia, clave DH.W15.68558, e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 13,50 euros.

- . Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 78,07 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por TITO RAMA LEIS, na que comunica que vai substituír as ventás vellas por unhas novas e revestir a totalidade das fachadas dunha vivenda sita no lugar de Boaventura nº 5, para garantir as condicións de estanquidade e illamento.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº5372708NH2457S0001YX, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- . Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 39,26 euros.

- . Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 103,83 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MANUEL C. FREIRE PAZOS na que comunica que vai construír un peche con estacas e arame en todo o perímetro dunha parcela sita no lugar de Cirro nº20.

A parcela onde se pretenden executar as obras, con referencia catastral nº7629407NH2472N0001IY, atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A altura total do peche non será maior de 1,80m medidos desde a rasante natural do terreo.
- No lindeiro norte o peche situarase a 4 metros do eixe do vial existente segundo os planos de catastro.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 23,22 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 87,79 euros.

3º) LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MARÍA BELEN REY FERREIRO, na que solicita licenza de primeira ocupación para unha vivenda sita na rúa Santiago nº4 – Alqueidón, que conta con licenza de construción concedida pola Xunta de Goberno Local o 16.04.2013.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, e do certificado final de dirección de obra asinado pola arquitecta Rosa María Facal Varela o 17.01.2019, e a documentación do final de obra presentada, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 145,00 euros.
- Taxa pola licenza de primeira ocupación: 96,85 euros.

Total: 241,85 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretaria, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

A secretaria accidental

José Luis García García

Ana Sánchez Fóntans